
**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE ESTUDO E ANÁLISE
ESTRATÉXICO DA ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑEIROS DE
CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS DA CORUÑA CELEBRADA O MÉRCORES,
DÍA 2 DE MAIO DE 2018**

De acordo co establecido na Orde do Día, a Comisión de estudo e análise estratéxico da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña constitúese en sesión ordinaria ás 12:30 horas do mércores día 2 de maio de 2018 coa seguinte orde do día:

1. Abrobación de actas
2. Análise de datos e da proposta de enquisas
3. Quenda aberta de palabra

ASISTEN OS SRES:

Profesorado:

Carro López, Diego
Colominas Ezponda, Ignasi
González Fonteboa, Belén
Martínez Lage, M^a Isabel
Novales Ordax, Margarita
París López, José
Peña González, Enrique

Estudantes:

Alonso Rodríguez, Pablo
García-Alén Lores, Gonzalo
Pazos Taboada, Damián
Sotelo Domínguez, Luis

PAS:

Calvo Fariña, Juan Bautista

EXCUSAN:

Navarrina Martínez, Fermín Luis
Orro Arcay, Alfonso

Preside a sesión o Sr. Ignasi Colominas, Director da Escola. Actúa como Secretario o Sr. Diego Carro.

1. Abrobación de actas

Recibíronse comentarios á acta e decídese postpoñer a aprobación ata recibir todos os cambios. Daráanse uns días para recibir cambios, despois mándarase unha versión actualizada da acta, a cal, se non recibe comentarios adicionais, quedará aprobada.

2. Análise de datos e da proposta de enquisas

O Director explica o punto de partida das enquisas nas reunións anteriores da comisión e as liñas xerais que se propuxeran. Mostra as enquisas que xa se enviaron previamente para os tres colectivos de interese: egresados, estudantes e empregadores.

A comisión traballa sobre os borradores ata pulir os fallos e facilitar a interpretación dos documentos de enquisa.

Prepararanse borradores cos cambios propostos, que se enviarán en uns días, se non hai cambios, distribuiranse estas versións das enquisas.

Establécese un debate sobre como facer a recopilación dos datos das enquisas, valorando os formularios web, que se envíen ao correo da Comisión de estudo e análise estratéxico, ou tamén unha versión en papel con QR para que os que queiran a poidan contestar online.

3. Quenda aberta de palabra

Propónse como medida de análise realizar a comparativa do noso plan de estudos cos de outras escolas, vendo tamén como resolven os problemas de solapamento entre itinerarios.

Tamén se valora estudar cara a onde van as Escolas de Enxeñaría Civil. Propónse estudar a estratexia das 10 mellores Escolas europeas, prestando especial atención ás de Porto e Lisboa, dada a súa proximidade e as boas referencias que se reciben destes centros.

A sesión da Comisión de estudo e análise estratéxico finaliza ás 14:05 do 2 de maio de 2018

Vº. Bº.

**Ignasi Colominas Ezponda
Director**

**Diego Carro López
Secretario Académico**